


A continuación infórmase dos acordos da sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o 19 de xuño de 2017 na sala de xuntas da Reitoría, e que poden ser do seu interese:

- \* Aprobación das actas correspondentes ás sesións ordinaria do 20 de marzo de 2017 e extraordinaria do 11 de maio de 2017.
- \* Aprobación da conta de liquidación do orzamento do exercicio 2016.
- \* Aprobación de varias solicitudes de incorporación con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2016.
- \* Aprobación da afectación do remanente de libre disposición correspondente ao expediente do edificio institucional no Casco Vello.
- \* Aprobación da modificación do Regulamento para a liquidación e tramitación de indemnizacións por razón de servizo aprobado no Consello de Goberno do 16 de decembro de 2016.
- \* Aprobación da concesión administrativa para o uso privativo, pola Universidade de Vigo, do edificio sito no nº 105 da rúa Conde de Torrecedeira (propiedade nº 189 do IMBD).
- \* Aprobación de nomeamento e/ou de prórroga de profesorado emérito.
- \* Aprobación de suspensión de contrato de PDI laboral.
- \* Aprobación dun recoñecemento docente especial ao profesor Santiago Lago Peñas como representante de Galiza na Comisión para a reforma do financiamento autonómico.
- \* Aprobación da modificación técnica da Normativa de Permanencia.
- \* Transformación do Club Deportivo Universidade de Vigo nunha sección deportiva.
- \* Aprobación do modelo de convenio de colaboración para a promoción de actividades culturais ou deportivas.
- \* Aprobación do Regulamento do Patrimonio.
- \* Aprobación da Normativa de cesión de espazos.
- \* Aprobación do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias do Mar.
- \* Aprobación dos seguintes convenios: Memorando específico de colaboración entre a Universidade de Vigo coa Universidade de Cabo Verde para a colaboración no proxecto EMPREAMAR CV – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Tifari (República Árabe Saharaui Democrática) – Acordo marco de cooperación entre a Universidade de Vigo e a *Universiti Sains Malaysia* – Acordo marco de cooperación entre a Universidade de Vigo e *The Center For Water Research And Technology* – Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo para a colaboración no desenvolvemento das actividades da rede de investigación "TECANDALI" – Convenio de colaboración para o intercambio de estudantes entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Autónoma del Estado de Morelos* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Université de Moncton* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o *Instituto Politécnico do Cávado e do Ave* – Co-operatlon framework agreement between the Universidade de Vigo and Rajalakshmi Institutions – *Specific agreement between the Universidade de Vigo (spain) and Rajalakshmi Institutions for students' exchange* – Convenio marco de colaboración interinstitucional entre o *Instituto Nacional de Pesca del Ecuador* e o Campus de Excelencia Internacional "Campus do Mar" – Convenio de colaboración entre as universidades de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela para a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do título de Máster universitario en Xeoinformática.



Vigo, 19 de xuño de 2017  
A secretaria xeral

Gloria M. Pena Uris



Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.